

MAPA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

O Mapa de bibliotecas públicas de Galicia amosa a situación das bibliotecas públicas galegas por concellos, facendo unha **diagnose** da mesma e achegando propostas de actuación que contribúen a un mellor servizo bibliotecario para a cidadanía.

O mapa constitúe unha ferramenta que permite establecer as necesidades de servizo bibliotecario de cada municipio a partir da comparación entre a situación das bibliotecas nun determinado territorio cos valores estipulados nos estándares.

Para a elaboración do Mapa foi necesario como paso previo a elaboración do **Censo de bibliotecas públicas de Galicia** e a creación dos **Estándares de bibliotecas públicas de Galicia**.
